

**TORNEO DE XADREZ ACTIVO**  
**MEMORIAL X JOSÉ HENRIQUE RODRÍGUEZ PEÑA**  
**2019**  
**Sábado 19 de Outubro**  
**16 h 30**

Na tarde do sábado a partir das 16 h 30, déronse cita na sala da planta baixa da Facultade de Educación os participantes do XIII Memorial José Henrique Rodríguez Peña. A pesar da choiva, o torneo desenvolveuse nun ambiente cordial e con total deportividade. Foron un total de 32 xadrecistas ourensáns e doutras partes de Galiza, incluíndo un Gran Mestre cubano residente en Ourense e un Mestre Internacional vido de Vigo. Ao final, resultou vencedor Samuel Villar, do Xadrez Tui, quen na penúltima rolda conseguiu derrotar a dito Gran Mestre, o que lle valdría para facerse co triunfo definitivo.

O Torneo foi arbitrado polo árbitro Internacional Fide Evaristo Rodríguez, de Villagarcía, e na cerimonia de entrega estiveron presentes ademáis a Presidenta do Ateneo, o Vicepresidente, así como a viuda de José Henrique.

O organizador do Torneo, así como o Vicepresidente, recordaron a figura de José Henrique como transmisor de valores positivos, entre eles o de ser conciliador, unha faceta que nos transmite e que debería guiarnos en tempos de hoxe en día.

Manuel Angel García Fernández

**Cadro de Honra**

Campión: Samuel Villar (X. Tui)

Subcampión: Rafael Rodríguez (X. Tui)

3º Clasificado: Arián González (Liceo de Ourense)

Campión Socio: Joaquín Bello Filgueira (Liceo de Ourense)

Campión Sub 14: Mateo Martínez (X. Benchoshey)

Campioa feminina: Samanta Couso (X. Celanova)

**Facultade de Educación**

**Campus de Ourense**